



A «familia» artística do García Barros presentou onte a función prevista para mañá venres | MARCOS MÍGUEZ

# A obra «Dormes?» desacougará ó público da Estrada e recaudará fondos para nenos refuxiados

O espectáculo do taller de expresión artística do IES García Barros combina a expresión corporal coa música e o vídeo

**EN DOS MINUTOS**  
Rocío García

A ESTRADA | Ás veces non fai falla abrir a boca para dicir canto un ten que dicir. Isto vano demostrar mañá venres no teatro Principal da Estrada os integrantes do taller de expresión artística do instituto Manuel García Barros. Baixo a dirección do polifacético mestre Miguel Carbajal, a equipa poñerá en escea o espectáculo *Dormes?*. A obra, que fora estreada en xuño deste ano, repetirase por petición do departamento de Cultura do Concello da Estrada para dar resposta á demanda do público local dun segundo pasatralo éxito rotundo do primei-

ca e a videocreación roubánlle o protagonismo á palabra para transmitir unha marea de sensacións. O espectáculo inclúe música en directo, con percusión con bidóns e plásticos ó estilo Mayumaná, e unha banda sonora na que teñen cabida desde os clásicos universais — o espectáculo ábrese co célebre *Réquiem* de Mozart — ata a música contemporánea.

## **Xesús, fio conductor**

A obra, con guión do propio Miguel Carbajal, está inspirada na persoa de Xesús como un posible soñador. «Eu non son crente, pero é unha figura que me impactou no seu momento», explicou. «Aquí plantexamos a posibilidade de que

lo, ou morto, ou que nin sequer existe. Outros 19 personaxes complementan a historia conductora con outras accións que converten a peza nunha obra coral. A intención é clara: «crear un desacougo no público no final da obra».

A obra será representada mañá venres no teatro Principal ás 21.30 horas. O espectáculo será financiado polo IES García Barros e a Concellería de Cultura. Para o público, a entrada será gratuita. Nembargantes, a equipa fixo onte un chamamento ós espectadores para que, na medida das súas posibilidades, realicen aportacións voluntarias que se destinarán a algunha organización de axuda